Imaxes e textos

Alumnado de 3º da ESO e 1º de BAC

do IES María Casares

Coordinación

Raquel Guimarei Zaibo

Pepe Zaborda Pérez

Deseño e Maquetación

Fernando Fernández Páez

# klics

(un tempo, un país)




A súa primeira letra escrita, hai pouco que consegue recoñecelas, aínda se trabuca.
Non sabe aínda o que tal escribirá, non sabe que coas letras poñerá os nomes das cousas e dos sentimentos, das cores, dos amigos, dos amores...
Non sabe aínda que con esas letras que hoxe debuxa, poderá expresar o seu pensamento e o seu sentimento.



Pura vida hai detrás deste sorriso pillabán, moitas terras que tivo que deixar, moita loita para sacar adiante os seus oito fillos.

O meu nono, Arturo Barrera, alegria a miña nenez aló en Pamplona, Colombia, onde eu nacín, espertando a miña curiosidade coas súas fantásticas historias... ou eran as súas propias vivencias?



O primeiro correo chegou vinte días despois de chegar á illa de Cuba, aínda recordo cando embarcou para facer alí o servicio militar. Chorei moito e pasei medo por el, pero pronto vou ver ao meu amor. Nesta última foto que me mandou está apoiado no canón sostendo munición. É o primeiro á dereita... está tan cambiado! pronto o terei aquí, non vou chorar...



A miña nai non lle gustan os trens...
Seu pai marchou a Alemaña.
Desde aquela os trens alonxábano moito
e moito tempo da casa.
Ela recórdao un home moi divertido,
sempre a xogar cos nenos e contando
moitas historias fantásticas...
eu véxolle a mirada limpa e un
pouco triste.
estou orgullosa de ser a súa neta!





Aínda conserva agora ese xesto
decidido e esa mirada profunda e
curiosa.
Na festa de San Bartolomeo vestiuse de festa
e como todas as amigas foi ao fotógrafo
para colocarse diante do decorado pintado
e miramos de fronte.
En Mesía, o seu pobo, facían competicións
xogando ás cartas (as Xogas). Ao matar o tres
no medio da xogada, subían á mesa os
gaiteiros e tocaban, recitaban, cantaban . . .



A foto foi tomada en Zaragoza, nunha guerra que ninguén gañou. Non se escollía o bando, o bando escollíate a ti. O único bo que meu bisavó sacou da guerra foi saír vivo. El estivo no bando gañador, pero, con todo... esse foi como estar no perdedor.









Manolita
a ver si aguantas
bien del frío hasta
que vaya yo.
Beso
Manolo



Ela non puido aguantar,
el marchou a Venezuela...
Na súa tumba nunca
faltaron flores.



Se ele tirabas dun cordeliño a moneca falaba... Pero falaba en francés.

Chamábase Blanquita e chegou de París polo seu quinto aniversario. Nunca se separaba dela porque era un agasallo da súa nai.

Daquela apúxolle outros acentos... apren- deulle outras palabras doces e melosas, esas que os nenos din a súa mamá en todas as linguas posibles.



Sabíanlle a sal, a sol e a mar... quería comelos todos.

A primeira vez que o meu pai probou os ourizos case agarrou unha enchente. A min non me gustaron moito, pero despois desta historia, penso volver a probalos.



Por estas fotos aprendín que
as cirolas non son unha froita,
senón eses calzóns longos
que leva o meu tío e, que
tamén se chaman zaragolas.



Era fillo de cómicos que nunca coñeceu porque o abandonaron de neno. Chamábase Francisco, aínda que todos lle chamaban Pepe.

É o primeiro á dereita desta foto.

Era redeiro no porto de A Coruña, e tiña unhas mans grandes, ásperas e cadradas. Gustáballe moito bromear cos rapaces, sobre todo, coa súa neta preferida, a miña nai, quen se sentía tranquila e protexida ao seu lado.



Lémbrome da amiga da miña moa vagamente, non lembro nin o seu nome, mais si lembro o agarimosa, faladora e simpática que era. Tamén lembro un pastel que preparaba e que estaba moi bo. Un verán pregunteille á miña moa pola súa amiga e ela respostoume que non a volvería ver, que marchara en barco moi lonxe e que non había voltar.